



**AGRUPACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA FEFEME TRIATLÓN DO MIÑO**  
C/ Miguel de Cervantes, 34, 5ºC. 27003 Lugo . C.I.F.: G-27268390

## II TRIATLÓN CONCELLO DE VILA DE CRUCES

### REGULAMENTO

#### **Organiza:**

A. D. FeFeMe Triatlón do Miño  
Email: [fefemetriatlon@yahoo.es](mailto:fefemetriatlon@yahoo.es)  
Persoa de contacto: José-Ángel Fernández Martínez  
Teléfonos: 677 577 453 y 982 813 558

#### **Colaboran:**

Federación Galega de Triatlón  
Xacobeo  
Championchipnorte  
Coca-Cola

#### **Patrocina:**

Concello de Vila de Cruces  
Fundación Deporte Galego

#### **Data e horario da carreira:**

Sábado 14 de xullo de 2007  
Saída as 17:30

#### **Distancia:**

Sprint: 0,750 km de natación – 20 km en bicicleta – 5 km de carreira a pe

#### **Inscricións:**

Para formalizar a inscrición deberase ingresar a contía de 15 €por participante, máis 2 € en concepto de aluguer de chip aqueles que non o teñan en propiedade, na conta de “La Caixa” nº 2100 2183 50 0200128370, e enviar o xustificante xunto cos datos (nome e apelidos, teléfono móbil, club, DNI. OBRIGATORIO, data de nacemento completa) ó Fax 982 25 13 45 ou ben por correo electrónico: [fefemetriatlon@yahoo.es](mailto:fefemetriatlon@yahoo.es) , antes das 21:00 horas do día 11 de xullo mércores. Os cadetes non pagarán inscrición nin aluguer de chip.

Haberá cronometraxe champion-chip, cada participante terá que aboar unha fianza de 20 € que lle serán devoltos o rematar a carreira, ou ben poderá quedarse co chip en propiedade, o que lle permitirá participar co mesmo en calquera proba de triatlón ou atletismo organizadas co sistema de cronometraxe champion-chip. Calquera participante que teña xa en propiedade o chip de color AMARELO (non valen chips de calquera outro color) poderá correr con el, non sendo necesario o pago de fianza algunha.





**AGRUPACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA FEFEME TRIATLÓN DO MIÑO**  
C/ Miguel de Cervantes, 34, 5ºC. 27003 Lugo . C.I.F.: G-27268390

A inscrición tamén se poderá facer por medio da páxina Web:

[www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com) (se non es usuario, debes darte de alta no apartado “rexistrarse” e seguir as instrucións para formalizar as inscricións que desexes).

**DATOS OBRIGATORIOS:** Nome, Apelidos, NIF, data de nacemento completa, Clube, Localidade e Teléfono.

Para calquera dúbida relativa o proceso de inscrición, podedes dirixirvos ao Teléfono **982 81 68 84**.

**Pago: O pago será automatizado e individualizado a través dun TPV VIRTUAL (pago totalmente seguro) no momento de realizar a inscrición.**

**Saída, boxes e meta:**

Haberá dobre box, un situado o pe do embalse de Portodemouros onde atraca o Ferry; o outro xusto diante da casa do Concello de Vila de Cruces. A organización ofrecerá un servizo de autobús a disposición dos triatletas que sairá da praza do concello as 16:20 para chegar a quilómetro e medio da zona de natación.

**Recollida de dorsais:**

Na carpa da organización (o carón do Concello) de 15:00 h. a 16:00 h.

**Control de material:**

No box de carreira a pé (diante do Concello) de 15:30 h. a 16:15 h., e no box de zona de natación de 16:30 a 17:15.

**Premios:**

- Trofeos para os tres primeiros clasificados/as de cada categoría.
- Premios económicos
  - 1º clasificad@s masculino e feminina 150,00 €
  - 2º clasificad@s masculino e feminina 75,00 €
  - 3º clasificad@s masculino e feminina 35,00 €
  - Primeiros clubs masculino e feminino 100,00 €

Todos os que rematen a proba recibirán un agasallo conmemorativo do II Triatlón Concello de Vila de Cruces.

**Normas de competición**

A carreira rexerá segundo as normativas vixentes do Regulamento Oficial de Competición da Federación Galega de Triatlón.





**AGRUPACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA FEFEME TRIATLÓN DO MIÑO**  
C/ Miguel de Cervantes, 34, 5ºC. 27003 Lugo . C.I.F.: G-27268390

## II TRIATLÓN CONCELLO DE VILA DE CRUCES

### RUTÓMETRO

Data de celebración: sábado 14 de xullo de 2007

Horario da proba

Saída as 17:30

Hora de remate da proba: 19:00 horas aproximadamente.

A proba comezará ás **17:30 horas**. A saída será no embalse de Portodemouros no punto onde atraca o Ferry.

O primeiro sector que consistirá en 0,750 Km. de natación e descorrerá no embalse de Portodemouros sobre un circuito en forma de triángulo de 750 metros o que se dará unha volta. A saída se fará desde o muelle de atraque do Ferry, o triángulo estará formado por dúas boyas de 2 metros de altura as que haberá que deixar a man dereita, o terceiro vértice será o punto de saída e chegada. A proba estará controlada por unha lancha motorizada e varias piraguas.

Os primeiros triatletas completarán este primeiro sector en aproximadamente **9** minutos; os últimos empelarán aproximadamente **19** minutos.

O segundo sector, de 20 km de carreira en bicicleta, comezará ás **17:40 h.** saíndo do muelle de atraque do Ferry, pasando pola pista que atravesa a aldea de Rebordelo; a dous km se chega o cruce da pista que vai a Loño collendo a man dereita por esta durante 1,34 km en dirección a Estrada PO-905 a que se incorporan no cruce que está no quilómetro 8,100 desta, collendo dirección Vila de Cruces. O chegar o punto quilométrico 2,56 da mesma estrada PO-905, xusto antes da desviación de entrada a Vila de Cruces, se fai un xiro de 180º voltando pola mesma ata o punto quilométrico 7 onde se fará un novo xiro de 180º collendo de novo dirección Vila de Cruces entrando esta vez no pobo pola Rúa Soto chegando ata diante do concello onde se deixará a bicicleta nos boxes habilitados para elo.

Os triatletas de cabeza completarán o percorrido aproximadamente as **18:12 h.** e os da cola ás **18:35 h.** Chegarán a boxes para deixar a bicicleta e iniciar o terceiro sector.





---

**AGRUPACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA FEFEME TRIATLÓN DO MIÑO**  
C/ Miguel de Cervantes, 34, 5ºC. 27003 Lugo . C.I.F.: G-27268390

O terceiro sector de 5 km de carreira a pé, comezará diante do Concello collendo pola rúa da igrexa, xiro a man dereita seguindo pola rúa Manuel Iglesias, novo xiro a dereita por unha rúa nova sen nome que desemboca na rúa Vázquez 50 metros antes da rotonda que se encontra na estrada que vai a Lalín, seguirán circulando pola rúa Vázquez xirando de novo a man esquerda o chegar o cruce da estrada de Bandeira circulando por esta ata o cruce ca prolongación rúa do cine, xiro a dereita seguindo por esta, enlazando ca rúa do Cine, o remate da mesma se chega a rúa Soto collendo a man dereita cara a Rúa Vázquez, onde se completará a primeira volta; xa na rúa Vázquez se colle a primeira rúa a esquerda, Rúa transconsistorial para enlazar de novo co circuíto na rúa Manuel Iglesias; unha vez completada esta segunda volta os triatletas entrarán en Meta situada na Rúa Soto xusto diante da praza do Concello. Os primeiros rematarán a proba ás **18:29 h.** e os últimos ás **19:00 h.** aproximadamente.

